



**Oferta persoal Estatutario 2022**  
**Persoal de Servizos Xerais**  
**Acceso discapacidade intelectual**



**Primeiro exame: parte común**

**Instrucións** en galego

- O exame ten 5 preguntas.  
Debes marcar as respostas na folla de respostas.  
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.
  
- Tes **media hora** para facer o exame.
  
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.  
Só 1 resposta é correcta.  
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.  
As preguntas que deixes en branco non puntúan.  
As preguntas que respondas mal non puntúan.
  
- Cando termines o exame:  
**Lembra que tes que facer o exame da parte específica,**  
espera as instrucións das persoas da organización.
  
- Podes descargar o cuestionario de preguntas  
na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

**Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.**

**1. Consonte ao disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, indique a resposta correcta:**

- A) A Xunta de Galicia está dirixida polo Parlamento.
- B) O Presidente da Xunta representa a Galicia.
- C) O Parlamento é o órgano de goberno de Galicia.
- D) O Presidente da Xunta é elixido polo Rei.

**2. Un exemplo de persoal estatutario de xestión e servizos sería:**

- A) Logopeda.
- B) Fisioterapeuta.
- C) Pinche.
- D) Pediatra de atención primaria.

**3. En canto á prevención de riscos laborais, sería correcto afirmar que:**

- A) Os delegados de prevención son persoas elixidas pola empresa.
- B) Un traballador non ten dereito a que lle informen dos riscos do seu traballo.
- C) O sinal de advertencia ten forma cadrada ou rectangular.
- D) Un risco laboral é a posibilidade de que un traballador sufra un dano como consecuencia do seu traballo.

**4. Cal dos seguintes é un dereito dos usuarios do sistema sanitario público?**

- A) Dereito do paciente a unha segunda opinión médica.
- B) Dereito do paciente á confidencialidade sobre o seu estado de saúde.
- C) Dereito dos menores de idade a estar acompañados polos seus pais ou titores.
- D) As tres opcións anteriores son correctas.

**5. Segundo a Constitución Española, sinala a resposta correcta:**

- A) As institucións deben dar servizos para que as persoas teñan boa saúde.
- B) O Valedor do Pobo encárgase de pagar as pensións aos xubilados.
- C) As institucións non poden castigar ás persoas que danan a natureza.
- D) Os españois son maiores de idade aos 16 anos.

Preguntas de reserva

**1. De acordo coa Constitución Española, indique a resposta correcta:**

- A) Os traballadores teñen a obrigaón de formar parte dun sindicato.
- B) A educación básica non é obrigatoria.
- C) As persoas teñen dereito a recibir protección para a súa saúde.
- D) Canto máis diñeiro gañes, menos impostos pagas.